

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTA PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS, ORDE BOLSA E SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN CANDIDATO PROPOSTO. PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN E FORMACIÓN BOLSA DE EMPREGO DUN TÉCNICO/A PARA A OFICINA DE TURISMO DE CEE, FUNCIONARIO/A INTERIÑO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA TEMPORAL DO IMPULSO DO TURISMO NO CONCELLO DE CEE, PARA O ANO 2022/2023.

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000766

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía 453/2022 de data 10/05/2022, pola que se aproban as Bases para a contratación e formación de bolsa, dun técnico/a para a oficina de turismo de Cee, funcionario/a interino/a para o desenvolvemento de programa temporal do impulso do turismo no Concello de Cee, para o ano 2022/2023.

Considerando a documentación existente no expediente 2022/E001/000006 e os informes do rexistro municipal en relación ás solicitudes de participación e á ausencia de alegacións ás puntuacións provisionais.

Visto o informe do rexistro municipal de data 08/07/2022 relativo á ausencia de alegacións presentadas ás puntuacións provisionais totais, proposta de constitución de bolsa e de contratación do candidato que acada a maior puntuación.

Vista as actas do tribunal de selección relativas ao desenvolvemento do proceso selectivo determinando a puntuación final acadada polos candidatos e a proposta de constitución da bolsa de emprego e de nomeamento do candidato de maior puntuación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a seguinte lista de puntuacións finais para o proceso selectivo:

DNI	Asiste fase oposición	Puntuación test	Puntuación proba práctica	Puntuación fase oposición	Aporta celga	Supera fase oposición	Puntuación total proceso selectivo
***7009**	SI	10	8	18	SI	SI	18
***5850**	SI	6,7	9,5	16,2	SI	SI	16,2
***3399**	SI	8,5	7	15,5	SI	SI	15,5
***7648**	SI	8,3	6	14,3	SI	SI	14,3
***5617**	NON ASISTE			0	SI		
***5693**	NON ASISTE			0	SI		
***6106**	NON ASISTE			0	SI		
***8864**	NON ASISTE			0	SI		
***4562**	SI	4,7	5	9,7	SI	NON SUPERA	



2. Proceder á constitución da bolsa de traballo por orde de puntuación obtida no proceso selectivo, que queda da seguinte maneira:

ORDE BOLSA	DNI	Nº rexistro entrada solicitude	PUNTUACIÓN TOTAL
1	***7009**	202299900000732	18
2	***5850**	202299900000757	16,2
3	***3399**	202299900000776	15,5
4	***7648**	202299900000821	14,3

3. Requerir ao aspirante proposto para nomeamento (DNI: ***7009**, rex. 202299900000732) para que no prazo máximo de 3 días hábiles dende a publicación deste decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal aporta a documentación establecida na base oitava da convocatoria.

- a.-Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- c.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- d.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- e.- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.
- f.- Orixinais ou copias compulsadas da documentación aportada no proceso de non tela aportado coa solicitude.

4. Advertir ao aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior si non presentara a documentación esixida, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, fará que a persoa seleccionada quede excluída do procedemento e polo tanto non se poderá proceder á súa contratación; todo ilo sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do seguinte aspirante que superou o proceso selectivo por orde de puntuación, requiríndoselle para que no prazo de tres días hábiles presente a documentación antes referida.
5. Contra a presente resolución, apartados 1 e 2, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnalas directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015. Contra o resto de apartados, trátase dun acto de trámite, non susceptible de recurso, sen prexuízo das alegacións que se consideren pertinentes.
6. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaría*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2022/G003/000766